

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN "CORAL POLIFÓNICA DE CALDAS DE REIS".

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

1.-Procédese a adapta-los estatutos da asociación denominada "CORAL POLIFÓNICA DE CALDAS DE REIS", con nº de inscrición no Rexistro DE PONTEVEDRA 3977, de asociacións sen ánimo de lucro e CIF G-36275378

2.-A asociación rexerese polos devanditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- O domicilio da asociación radicará na localidade de CALDAS DE REIS rúa de ROMAN LOPEZ nº 7, BAIXO C.P. 36650 provincia de Pontevedra.

Artigo 3º.- A asociación en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Artigo 4º.

1.-A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.-A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

1.-Son fins principais da asociación:

- a.-Ser un foco de expansión cultural dentro da zona.
- b.-Formar ós seus socios nos coñecementos musicais a fin de dominala interpretación coral e instrumental.

2.-Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

- a.- Promover actos culturais de todo tipo, como lectura comentada de libros e revistas, proxección de películas documentais e diapositivas, certamen e festas culturais, etc.



